

Acordo do 16 de decembro de 2025, de Consello de Goberno, polo que se aproba a Normativa de preinscrición e matrícula nos mestrados universitarios para o curso académico 2026/27

PREÁMBULO	2
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	2
Artigo 1. Requisitos de acceso.....	2
CAPÍTULO II. Preinscrición	3
Artigo 2. Solicitud de preinscrición	3
Artigo 3. Documentación necesaria para estudantado con títulos universitarios de sistemas educativos do EEES	4
Artigo 4. Documentación necesaria para estudantado con títulos universitarios de sistemas educativos alleos ao EEES	6
Artigo 5. Documentación necesaria para a solicitud de preinscrición do estudantado do sistema educativo español pendente de superar o TFG e un máximo 9 créditos ECTS	7
CAPÍTULO III. Admisión	8
Artigo 6. Competencia.....	8
Artigo 7. Listaxe provisional	8
Artigo 8. Listaxe definitiva	8
Artigo 9. Listaxe de agarda	9
Artigo 10. Información	9
CAPÍTULO IV. Matrícula.....	9
Artigo 11. Competencia.....	9
Artigo 12. Formalización da matrícula.....	9
Artigo 13. Listaxe de persoas admitidas a prazas vacantes	10
Artigo 14. Cambio de matrícula.....	10
Artigo 15. Matrícula fóra de prazo en mestrados con prazas vacantes	10
Artigo 16. Declaración de nivel de formación equivalente.....	11
CAPÍTULO V. Reserva de prazas	12
Artigo 17. Reserva de prazas para o estudantado con discapacidade	12
Artigo 18. Reserva de prazas para deportistas de alto nivel e alto rendemento	12
CAPÍTULO VI. Acreditación de competencia lingüística	13
Artigo 19. Acreditación de competencia lingüística en español ou galego.....	13
Artigo 20. Acreditación de competencia lingüística en inglés.....	14

CAPÍTULO VII. Prazos	15
Artigo 21. Tipos de prazos e calendarización	15
Disposicións	15
Disposición final primeira. Habilitación.....	15
Disposición final segunda. Entrada en vigor	15
Anexos	16
ANEXO I. Prazos	16
ANEXO II. Requisitos que deben cumprir os documentos mencionados nos artigos 3, 4 e 5 desta normativa.....	21
ANEXO III. Países participantes do EEES membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (non necesitan a legalización da documentación)	22
ANEXO IV. Países participantes do EEES que non son membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (necesitan a legalización da documentación).....	23
ANEXO V. Países asinantes do Convenio da Haia	24

PREÁMBULO

O procedemento de preinscrición, admisión e matrícula nos mestrados universitarios da Universidade da Coruña realizarase segundo a regulación e trámites recollidos no Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, na Normativa de xestión académica da Universidade da Coruña aplicable, así como o Regulamento da matrícula condicionada en mestrados universitarios oficiais da Universidade da Coruña, sen prexuízo de calquera outra norma específica aplicable.

Nesta normativa regúlanse os requisitos de acceso, o procedemento e os prazos de preinscrición, admisión e matrícula nos mestrados universitarios para o curso académico 2026/27.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Requisitos de acceso

1. Para acceder ás ensinanza oficiais de mestrado será necesario posuír un título universitario oficial español de grao ou equivalente, ou, de ser o caso, dispoñer doutro título de mestrado universitario, ou títulos do mesmo nivel que o título español de grao ou mestrado expedidos por universidades e institucións de educación superior dun país do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) [anexos III e IV desta normativa] que no dito país permita o acceso aos estudos de mestrado.

2. Así mesmo, poderán acceder a unha titulación de mestrado universitario do sistema universitario español as persoas en posesión de títulos procedentes de sistemas educativos que non formen parte do EEES, equivalentes ao título de grao, sen necesidade de homologación do título, pero si de comprobación por parte da universidade do nivel de formación que implican, sempre e cando o título permita acceder a estudos de nivel de posgrao universitario no país onde se expedira. En ningún caso o acceso por esta vía implicará a homologación do título previo do que dispoña a persoa interesada nin o seu recoñecemento para outros efectos que o de realizar os estudos de mestrado.

3. Excepcionalmente, de conformidade co disposto no artigo 18.4 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade (a partir de agora, Real decreto 822/2021) o estudiantado ao que lle falte por superar o Traballo de Fin de Grao (TFG) e como máximo ata 9 créditos ECTS poderá acceder e matricularse nun mestrado universitario de acordo coa normativa da Universidade da Coruña (UDC) para estes supostos, agás nos mestrados universitarios en Arquitectura, Avogacía e Procuradoría, Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas ou calquera outro mestrado que fose autorizado pola vicerreitoría competente ou polo Consello de Goberno da Universidade.

En ningún caso se poderá obter o título de mestrado se previamente non se obtivo o título de grao.

Terá prioridade na asignación de prazas o estudiantado que dispoña do título universitario oficial de grao.

4. Para seguir con normalidade as actividades docentes e aproveitar adecuadamente a docencia recibida, as persoas solicitantes de estados con lingua oficial distinta do español ou portugués deberán acreditar a competencia lingüística conforme o disposto no capítulo VI desta normativa.

5. As persoas interesadas acreditarán o cumprimento dos requisitos de acceso e admisión para cada mestrado nos prazos sinalados para realizar a preinscrición.

CAPÍTULO II. Preinscrición

Artigo 2. Solicitude de preinscrición

1. A solicitude de preinscrición realizarase a través da [aplicación de preinscrición da UDC](#). A documentación esixida para o acceso deberá subirse á plataforma informática no lugar indicado para iso, preferentemente en formato PDF.

2. Na solicitude, ademais dos datos persoais e académicos, as persoas solicitantes deberán incluír un enderezo de correo electrónico que será o medio utilizado pola universidade para enviar as comunicacións derivadas deste proceso.

3. Presentarase unha única solicitude de preinscrición por cada opción de estudo e curso académico, e indicarse, por orde de preferencia, ata un máximo de seis opcións de estudo diferentes.

4. Só por motivos xustificadas, e a pedimento da persoa interesada, se poderá reactivar a solicitude para un novo prazo de preinscrición, se cumpre os requisitos de acceso. Para iso deberá enviar un correo electrónico a acceso.mestrado@udc.gal.

5. A solicitude deberá acompañarse da documentación sinalada nos artigos seguintes. Se a documentación presentada é correcta, validarase a solicitude. No caso contrario, cando se realice a súa revisión administrativa, enviarase á persoa interesada un correo electrónico para a súa corrección, no que se lle indicará o prazo que ten para emendala que, en todo caso, non excederá do último día de prazo para formalizar as solicitudes.

Artigo 3. Documentación necesaria para estudantado con títulos universitarios de sistemas educativos do EEES

3.1 Solicitantes con títulos universitarios oficiais do Sistema Universitario Español

1. Sen prexuízo do que estableza a normativa vixente aplicable, as solicitudes de preinscrición presentadas por estudantado con títulos universitarios de sistemas educativos do Sistema Universitario Español deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)

b) DNI ou pasaporte, en vigor.

c) Título que dá acceso ao mestrado ou certificación supletoria provisional ou documento equivalente. De maneira provisoria, aceptárase o documento que acredite ter solicitada a expedición do título oficial, acompañada do xustificante de pagamento das taxas. Nese caso, se a persoa solicitante resultase admitida poderá matricularse, pero deberá entregar o título ou o documento acreditativo de estar en posesión do dito título antes do inicio das datas de avaliación das materias do primeiro cuatrimestre.

d) Certificación académica oficial ou suplemento europeo ao título (SET) en que conste a nota media do expediente calculada segundo o Real decreto 1125/2003 do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (a partir de agora, Real decreto 1125/2003). Se nel non se reflicte a nota media do expediente en base 10, baremarase coa cualificación mínima (5 puntos). O estudantado da UDC poderá achegar o expediente académico que se descarga da Secretaría virtual da universidade.

e) As persoas solicitantes de estados con linguas oficiais que non coincidan con algunha das linguas de impartición do título recollidas na memoria de verificación e o seu título de acceso fose impartido nun idioma distinto ao galego ou castelán, deberán

presentar unha acreditación das competencias lingüísticas nalgunha destas linguas de acordo co recollido no capítulo VI desta normativa.

f) De ser o caso, a documentación acreditativa de pertencer a un colectivo con reserva de prazas, conforme o previsto no capítulo V desta normativa.

g) Calquera outra documentación específica requirida pola comisión académica/de selección de cada mestrado.

2. No mestrado universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, ademais da documentación anterior, deberá presentar o certificado B1 nun idioma estranxeiro.

3. Os requisitos que deben cumprir os documentos mencionados neste artigo recóllense no anexo II desta normativa.

3.2 Solicitantes con títulos universitarios oficiais de sistemas educativos do EEES agás os do Sistema Universitario Español

1. Sen prexuízo do que estableza a normativa vixente aplicable, as solicitudes de preinscrición presentadas por estudantado con títulos universitarios de sistemas educativos do resto do EEES deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)

b) DNI ou pasaporte, en vigor.

c) Título que dá acceso ao mestrado ou certificación supletoria provisional ou documento equivalente. De maneira provisoria, aceptárase o documento que acredite ter solicitada a expedición do título oficial, acompañada do xustificante de pagamento das taxas. Nese caso, se a persoa solicitante resultase admitida poderá matricularse, pero deberá entregar o título ou o documento acreditativo de estar en posesión do dito título antes do inicio das datas de avaliación das materias do primeiro cuatrimestre.

d) Certificación académica oficial ou SET en que conste:

- a duración oficial en cursos académicos/semestres/etc.;
- as materias cursadas;
- a carga lectiva de cada materia (horas ou créditos);
- a cualificación e a escala de cualificacións.

e) [Declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros.](#)

f) As persoas solicitantes de estados con linguas oficiais que non coincidan con algunha das linguas de impartición do título recollidas na memoria de verificación, deberán presentar unha acreditación das competencias lingüísticas nalgunha destas linguas de acordo co recollido no capítulo VI desta normativa.

g) De ser o caso, a documentación acreditativa de pertencer a un colectivo con reserva de prazas, conforme o previsto no capítulo V desta normativa.

h) Calquera outra documentación específica requirida pola comisión académica/de selección de cada mestrado.

2. No mestrado universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, ademais da documentación anterior, deberá presentar o certificado B1 nun idioma estranxeiro.

3. Será necesaria a legalización dos documentos académicos emitidos polos países recollidos no anexo IV. Se a persoa solicitante non pode enviar a documentación legalizada, bastará de forma provisoria con que envíe unha copia de que solicitou a correspondente legalización ou apostila do título e da certificación académica.

4. Os requisitos que deben cumprir os documentos mencionados neste artigo recóllense no anexo II desta normativa.

Artigo 4. Documentación necesaria para estudantado con títulos universitarios de sistemas educativos alleos ao EEES

1. Sen prexuízo do que estableza a normativa vixente aplicable, as solicitudes de preinscrición presentadas por estudantado con títulos universitarios de sistemas educativos alleos ao EEES deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)

b) DNI ou pasaporte, en vigor.

c) Título que dá acceso aos estudos de mestrado debidamente legalizado.

d) Certificado expedido por unha autoridade competente que exprese que o título que posúe faculta, no país expedidor deste, para o acceso a ensinanzas de mestrado ou de posgrao.

e) Certificación académica oficial dos estudos realizados debidamente legalizada en que conste:

- a duración oficial en cursos académicos/semestres/etc.;
- as materias cursadas;
- a carga lectiva de cada materia (horas ou créditos);
- a cualificación e a escala de cualificacións.

f) [Declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros.](#)

i) As persoas solicitantes de estados con linguas oficiais que non coincidan con algunha das linguas de impartición do título recollidas na memoria de verificación,

deberán presentar unha acreditación das competencias lingüísticas nalguna destas linguas de acordo co recollido no capítulo VI desta normativa.

j) De ser o caso, a documentación acreditativa de pertencer a un colectivo con reserva de prazas, conforme o previsto no capítulo V desta normativa.

k) Calquera outra documentación específica requirida pola comisión académica/de selección de cada mestrado.

2. No mestrado universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, ademais da documentación anterior, deberá presentar o certificado B1 nun idioma estranxeiro.

3. Nas solicitudes de acceso a ensinanzas oficiais de mestrados universitarios que habilitan para o exercicio de profesión regulada, a persoa interesada deberá dispoñer necesariamente dun título homologado ou declarado equivalente polo ministerio competente.

4. Os documentos académicos deberán estar debidamente legalizados. Se a persoa solicitante non pode enviar a documentación legalizada, bastará de forma provisoria con que envíe unha copia de que solicitou a correspondente legalización ou apostila do título e da certificación académica.

5. Os requisitos que deben cumprir os documentos mencionados neste artigo recóllense no anexo II desta normativa.

Artigo 5. Documentación necesaria para a solicitude de preinscrición do estudiantado do sistema educativo español pendente de superar o TFG e un máximo 9 créditos ECTS

1. Sen prexuízo do que estableza a normativa vixente aplicable, as solicitudes de preinscrición presentadas ao abeiro do recollido no artigo 1.3 desta normativa por estudiantado do sistema educativo español que teña pendente de superar o TFG e un máximo de 9 créditos ECTS, deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)

b) DNI ou pasaporte, en vigor.

c) No apartado de “titulación de acceso” deberase subir a seguinte [Declaración responsable para admisión a mestrado.](#)

d) Certificación académica oficial en que conste a nota media do expediente calculada segundo o Real decreto 1125/2003. O estudiantado da UDC poderá achegar o expediente académico que se descarga da Secretaría virtual da universidade.

e) De ser o caso, a documentación acreditativa de pertencer a un colectivo con reserva de prazas, conforme o previsto no capítulo V desta normativa.

f) Calquera outra documentación específica requirida pola comisión académica/de selección de cada mestrado.

CAPÍTULO III. Admisión

Artigo 6. Competencia

A comisión académica/de selección do mestrado será a competente para resolver sobre a admisión nos estudos de mestrado. Para iso, establecerá e aplicará os criterios de baremación, que se reflectirá na nota de admisión en cada opción de estudos, e modificará o estado das solicitudes na aplicación de preinscrición, que poderá ser:

- a) Admitida/o: cando unha solicitude cumpre os requisitos de acceso e admisión e, aplicado o baremo establecido pola comisión académica/de selección, correspóndelle unha das prazas ofertadas nesta opción de estudos.
- b) Listaxe de agarda: cando unha solicitude que, cumprindo os requisitos de acceso e admisión, non lle corresponde unha praza, tendo en conta o baremo establecido pola comisión académica/de selección e o número de prazas ofertadas.
- c) Denegada/o: cando unha solicitude non cumpre os requisitos de acceso e/ou admisión para esa opción de estudos.

Artigo 7. Listaxe provisional

1. Unha vez finalizado o prazo de preinscrición en cada período, a sección de mestrado publicará no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, as listaxes provisionais de solicitudes en que se reflectirán o estado destas.

Nas solicitudes con estado “denegada”, aparecerá o motivo da denegación. No resto das solicitudes incluírase a nota de admisión outorgada pola comisión académica/de selección.

2. Contra as listaxes provisionais poderase interpoñer unha reclamación, que se formalizará mediante un [correo electrónico](#) dirixido á persoa coordinadora do mestrado, se a reclamación se fundamenta en motivos académicos, ou á sección de mestrado, se a reclamación se basea na documentación xustificativa de cumprimento de requisitos de acceso.

En ningún caso se aceptará nova documentación que non fose presentada no prazo de solicitudes.

3. O resultado das reclamacións reflectirase na aplicación de preinscrición na solicitude do mestrado para o que se presenta a reclamación. Se é favorable, reflectirase na publicación da listaxe definitiva; se, pola contra, non é favorable, a preinscrición non sufrirá modificación ningunha.

Artigo 8. Listaxe definitiva

1. Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, a comisión académica/de selección resolverá definitivamente sobre a admisión en cada opción de estudo, tendo en conta a nota final de cada solicitude.

2. A sección de acceso e admisión publicará no TEO da UDC as listaxes definitivas de persoas admitidas, en lista de espera e denegadas de todos os mestrados; esta publicación terá os efectos de comunicación oficial para as persoas solicitantes.

Así mesmo, os centros de adscrición dos mestrados publicarán na súa páxina web as listaxes definitivas de persoas admitidas, en listaxe de espera por prelación e denegadas dos seus correspondentes mestrados, asinada pola persoa titular do decanato ou dirección do centro ou persoa en quen delegue.

3. Contra a resolución definitiva da listaxe de persoas admitidas poderá interpoñerse un recurso de alzada perante a reitora ou o reitor no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no TEO.

Artigo 9. Listaxe de agarda

1. Nas datas indicadas no anexo I (prazos) desta normativa, os centros publicarán nas súas páxinas web as listaxes de persoas admitidas para prazas vacantes; esta publicación terá os efectos de comunicación oficial para as persoas solicitantes.

2. A resolución será asinada pola persoa titular do decanato ou dirección de centro ou persoa en quen delegue.

3. Contra esta resolución poderá presentarse un recurso de alzada perante a reitora ou o reitor, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación.

Artigo 10. Información

As persoas solicitantes poderán consultar o estado da súa solicitude na aplicación informática en calquera momento.

CAPÍTULO IV. Matrícula

Artigo 11. Competencia

O procedemento correspondente á xestión da matrícula será competencia das administracións dos centros de adscrición do mestrado, onde as persoas convocadas a matricularse deberán presentar os orixinais ou a documentación compulsada, de ser o caso.

Artigo 12. Formalización da matrícula

1. As persoas solicitantes admitidas nunha opción de estudos deberán matricularse nos prazos establecidos no anexo I (prazos) desta normativa, a través da Secretaría virtual creada no [Portal académico](#) dos mestrados da UDC.

Se unha persoa solicitante fose admitida en máis dunha opción de estudos, só poderá formalizar a matrícula nunha delas, á súa elección.

Nas opcións en que fose admitida e non formalice a matrícula dentro do prazo establecido, o seu estado pasará a “denegada” polo seguinte motivo “Falta de matrícula en prazo”.

A non formalización da matrícula no período establecido suporá a perda da correspondente praza.

2. As persoas solicitantes de bolsas, axudas, convenios etc. deberán acreditar esta circunstancia xunto coa documentación esixida, para a exención de prezos públicos.

3. As vacantes que se produzan logo da matrícula do estudantado admitido serán cubertas polas persoas integrantes da listaxe de agarda, tendo en conta a súa nota final de admisión, ata cubrir a totalidade das prazas ofertadas.

Artigo 13. Listaxe de persoas admitidas a prazas vacantes

Nas datas indicadas no anexo I (prazos) desta normativa, as persoas solicitantes en listaxe de agarda deberán consultar a páxina web do centro de adscrición do mestrado para coñecer se foron convocadas a matricularse.

Esta publicación constitúe, para todos os efectos, a notificación oficial da admisión, con independencia de que desde os centros se poida enviar un correo electrónico meramente informativo ás persoas convocadas a matrícula.

Artigo 14. Cambio de matrícula

As persoas que se atopen matriculadas nun mestrado se, polo movemento das listaxes de agarda, son convocadas a outra opción de estudo de maior preferencia, poderán realizar a matrícula na nova opción e entenderase que renuncian á primeira matrícula realizada.

Artigo 15. Matrícula fóra de prazo en mestrados con prazas vacantes

Unha vez finalizados os prazos de preinscrición e matrícula dos mestrados universitarios oficiais da UDC, as titulacións que teñan prazas vacantes xestionarán a matrícula nelas do seguinte modo:

a) Se a titulación ten listaxe de agarda, serán convocadas a matricularse as persoas que correspondan desa listaxe ata esgotar as prazas vacantes. No caso de que se esgote a listaxe de agarda e non se cubran todas as prazas vacantes, utilizarase a opción indicada a continuación.

b) Se a titulación non ten listaxe de agarda, matricularase, por rigorosa orde de solicitude, calquera persoa que reúna os requisitos académicos esixidos.

Se, unha vez rematado o prazo extraordinario de preinscrición, algún mestrado non cobre as prazas ofertadas coas persoas admitidas e en listaxe de agarda, poderase formalizar a matrícula directamente sen agardar a que rematen todos os prazos de matrícula.

O procedemento será xestionado nos centros de adscrición dos mestrados.

A comisión académica/de selección poderá determinar que non se convoque a matrícula se considera que as datas en que a persoa solicitante se vai incorporar impiden un aproveitamento adecuado dos estudos.

Excepcionalmente, de seguiren existindo prazas vacantes, poderanse ofertar materias do segundo cuadrimestre para novas persoas solicitantes. Neste caso, a comisión académica/de selección deberá comunicalo no mes de decembro á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización.

Artigo 16. Declaración de nivel de formación equivalente

1. As persoas tituladas conforme sistemas educativos alleos ao EEES poderán acceder ás ensinanzas oficiais de mestrado sen necesidade da homologación dos seus títulos, logo de que a comisión académica/de selección do mestrado comprobe que estes acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois e que facultan no país expedidor do título para o acceso a ensinanzas de posgrao. O acceso por esta vía non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión a persoa interesada, nin o seu recoñecemento para outros efectos que o de cursar as ensinanzas de mestrado.

2. A admisión e matrícula terán carácter provisional, condicionadas á concesión da declaración de nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois, de conformidade co disposto no artigo 18.2 do Real decreto 822/2021, así como ao cumprimento dos demais requisitos específicos que se establezan para cada mestrado.

3. Para a concesión da dita declaración de nivel de formación equivalente, o estudantado deberá presentar nas administracións dos centros de adscrición do mestrado, no prazo dos 10 días seguintes a aquel en que realizaron a súa matrícula, unha solicitude dirixida á reitora ou ao reitor.

Esta solicitude deberá ir acompañada dos documentos académicos debidamente legalizados e traducidos ou copia de ter efectuada a solicitude da correspondente legalización ou apostila do título e da certificación académica. E, de ser o caso, os documentos orixinais pertinentes que acrediten o cumprimento dos requisitos específicos.

Ao estudantado que deba solicitar esta declaración de nivel de formación incorporaráselle de oficio na súa matrícula, por parte dos centros, a taxa correspondente segundo o establecido no decreto de prezos públicos.

Cando no prazo indicado a persoa interesada non poida presentar a documentación requirida, a súa matrícula terá carácter de condicionada e en ningún caso poderá obter o título de mestrado universitario ata a obtención da declaración de nivel de equivalencia.

4. A resolución desestimatoria da declaración de nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois para o ingreso nos mestrados universitarios, suporá a anulación de todos os actos que se derivan da admisión e a matrícula.

Esta anulación non xerará o dereito á devolución dos prezos públicos aboados correspondentes ás tarifas 1.^a e 3.^a do decreto de prezos públicos nin aos seguros.

CAPÍTULO V. Reserva de prazas

Artigo 17. Reserva de prazas para o estudantado con discapacidade

1. Establécese unha reserva do 5 % das prazas ofertadas para estudos de mestrado para o estudantado que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, así como para aquel estudantado con necesidades educativas especiais permanentes asociadas ás condicións persoais de discapacidade, que durante a súa escolarización anterior precisase de recursos e apoio para a súa plena normalización educativa.

Cando en aplicación da porcentaxe de reserva indicado non se obteña un número enteiro de prazas, procederase ao seu arredondamento ao número enteiro máis próximo e, no caso de igualdade, ao superior; en todo caso, garantirase un mínimo dunha praza.

2. O estudantado deberá acreditar esa condición no momento de efectuar a preinscrición, mediante un certificado oficial de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade, expedido polo órgano competente da comunidade autónoma.

3. A ordenación e adxudicación das prazas reservadas realizarase atendendo aos criterios de valoración que sexan de aplicación a cada mestrado.

4. As prazas obxecto de reserva que queden sen cubrir no prazo anticipado acumularanse ás que se oferten no prazo ordinario e as que queden sen cubrir tras o prazo ordinario ofertaranse no prazo extraordinario. Se neste prazo extraordinario non hai solicitudes deste colectivo, ou as existentes non cobren todas as prazas dispoñibles, as prazas sobrantes acumularanse á oferta xeral.

Artigo 18. Reserva de prazas para deportistas de alto nivel e alto rendemento

1. De conformidade co disposto pola Xunta de Galicia, establécese unha reserva do 3 % das prazas ofertadas para estudos de mestrado para o estudantado que acredite a condición de deportista de alto nivel e reúna os requisitos académicos correspondentes.

Cando en aplicación desta porcentaxe de reserva non se obteña un número enteiro de prazas, procederase ao seu arredondamento ao número enteiro máis próximo e, no caso de igualdade, ao superior; en todo caso, garantirase un mínimo dunha praza.

2. A ordenación e adxudicación das prazas reservadas realizarase atendendo aos criterios de valoración que sexan de aplicación a cada mestrado.

3. As prazas obxecto de reserva que queden sen cubrir no prazo anticipado acumularanse ás que se oferten no prazo ordinario, e as que queden sen cubrir tras o prazo ordinario ofertaranse no prazo extraordinario. Se neste prazo extraordinario non

hai solicitudes deste colectivo, ou as existentes non cobren todas as prazas dispoñibles, as prazas sobrantes acumularanse á oferta xeral.

CAPÍTULO VI. Acreditación de competencia lingüística

Artigo 19. Acreditación de competencia lingüística en español ou galego

1. O estudiantado de países con idioma oficial distinto do español debe estar en condicións de seguir con normalidade as actividades docentes e aproveitar adecuadamente a docencia recibida, para o cal requírese que posúan, como mínimo, un nivel B1 de español para poder preinscribirse nos mestrados oficiais da UDC. Excepciónase desta esixencia o estudiantado que tivese como lingua oficial o portugués, pola afinidade entre linguas.

Se na memoria de verificación dun mestrado se establece un nivel superior de competencia en lingua española para acceder a el, deberá acreditarse o dito nivel. Esta información quedará reflectida na ficha de cada mestrado publicada na [páxina web de futuro estudiantado](#).

Esta esixencia non será de aplicación nos mestrados con docencia impartida integramente en inglés.

2. As persoas solicitantes de estados con lingua oficial distinta do español ou portugués deberán presentar, xunto coa solicitude, algún dos documentos seguintes:

- a) DELE «Diploma de español como lingua estranxeira» expedido polo Instituto Cervantes.
- b) SIELE «Servizo Internacional de Avaliación da Lingua Española», sempre e cando se superen as catro destrezas.
- c) Certificado oficial de español para estranxeiros, expedido conforme o previsto no artigo 61 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, polas escolas oficiais de idiomas.
- d) Diploma de asistencia e aproveitamento dun curso de B1.2 ou superior do Centro de Linguas da UDC. Tamén se admitirán certificados expedidos por centros de linguas doutras universidades españolas.
- e) CELGA II, conforme a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento da lingua galega (CELGA), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

3. De non posuír unha certificación segundo o disposto no punto anterior, as persoas solicitantes poderán realizar unha proba de competencia presencial no Centro de Linguas da UDC. A proba realizarase para os efectos de acceso a mestrados da UDC e estará suxeita ás tarifas especificadas no devandito centro. As persoas interesadas

poden consultar a información no Centro de Linguas da UDC <https://www.udc.es/es/centrodelinguas/>.

Artigo 20. Acreditación de competencia lingüística en inglés

1. Para acceder ás titulacións de mestrado que requiran como requisito obrigatorio de acceso estar en posesión dun determinado nivel de inglés, o estudantado deberá acreditar o cumprimento da competencia lingüística, de acordo co nivel e o prazo de presentación establecidos en cada [mestrado](#).

2. Para acceder aos estudos de mestrado que requiran como condición de acceso acreditar un nivel B1, o estudantado deberá cumprir e acreditar algunha das seguintes condicións:

a) Que posúe unha certificación oficial mínima de nivel B1 de inglés. Só se admitirán as certificacións oficiais recoñecidas pola [Asociación de Centros de Linguas no Ensino Superior \(ACLES\)](#) e os aceptados polas [mesas lingüísticas da CRUE](#). Non se aceptarán informes de resultados de exame de nivel se o centro de acreditación emite unha certificación oficial. O Centro de Linguas publicará coa suficiente antelación as datas dos exames para certificacións oficiais ás que se poderá presentar o estudantado coa finalidade de acreditar o seu nivel de idioma.

b) Que superou un curso equivalente a 4.º da ESO ou superior en sistemas educativos de lingua inglesa.

c) Que posúe o diploma de asistencia e aproveitamento dun curso B1.2 ou superior do Centro de Linguas da Universidade da Coruña. Tamén se admitirán certificados expedidos por centros de linguas doutras universidades españolas.

d) Que realizou unha estadía académica nun centro en que a lingua vehicular fose o inglés durante os seus estudos de grao ou de mestrado de, polo menos, un cuatrimestre, cursando en lingua inglesa ao menos 18 créditos correspondentes a materias impartidas en lingua inglesa.

3. Para acceder a estudos de mestrado que requiran como condición de acceso acreditar un nivel B2 ou superior, o estudantado deberá cumprir e presentar algunha das seguintes condicións:

a) Que posúe unha certificación oficial de nivel B2 ou superior (segundo o caso) de inglés. Só se admitirán as certificacións oficiais recoñecidas pola [Asociación de Centros de Linguas no Ensino Superior \(ACLES\)](#) e os aceptados polas [mesas lingüísticas da CRUE](#).

b) Que posúe o diploma de asistencia e aproveitamento dun curso B2.2 (ou C1.2 no caso das titulacións que así o requiran) do Centro de Linguas da Universidade da Coruña. Tamén se admitirán certificados expedidos por centros de linguas doutras universidades españolas.

4. Quedan eximidas de acreditar o idioma as persoas graduadas en titulacións en que o inglés sexa lingua de instrución de, polo menos, o 50 % das materias cursadas. Así

mesmo, queda eximido de acreditar este requisito o estudantado procedente dos graos de Estudos Ingleses, de Tradución e Interpretación, de Linguas Modernas e outros de similar condición impartidos en universidades españolas ou estranxeiras, nos que se acredite documentalmente cursar o nivel requirido en lingua inglesa.

CAPÍTULO VII. Prazos

Artigo 21. Tipos de prazos e calendarización

1. No anexo I desta normativa recóllese o calendario con todos os prazos indicados nos artigos precedentes.
2. Prevense tres tipos de prazos: anticipado, ordinario e extraordinario, agás no mestrado universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas, en que existe un prazo único.
3. No prazo anticipado o número total de persoas solicitantes admitidas non superará o 50 % das prazas ofertadas en cada mestrado. As prazas desta reserva que non se cubran acumularanse para o seguinte prazo.
4. Nos prazos anticipado e ordinario as persoas solicitantes que queden en listaxe de agarda incorporaranse automaticamente aos restantes períodos de preinscrición salvo petición en contra da persoa interesada. A solicitude manterá a mesma nota de baremación que fose asignada pola comisión académica/de selección.
5. No prazo extraordinario, as persoas solicitantes de praza en estudos en que non haxa prazas vacantes incorporaranse a unha listaxe de agarda para o caso de que se produzan anulacións de matrícula.
6. Os prazos de preinscrición e matrícula rematan ás 23:59 horas do último día de prazo establecido (referido ao horario peninsular español).

Disposicións

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase á Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade e á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización para interpretar e resolver as dúbidas que presente a aplicación desta norma, e para ditar as instrucións que resulten precisas para a súa efectividade.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad

Anexos

ANEXO I. Prazos

PRAZO ANTICIPADO		
Pode solicitar a preinscrición: Estudantado con títulos universitarios oficiais que dean acceso a estudos de mestrado (titulacións tanto do EEES como alleas ao EEES, así como titulacións homologadas ou declaradas equivalentes polo ministerio competente)		
Preinscrición	5 de febreiro-30 de abril de 2026	En liña (páxina web da UDC)
Publicación da listaxe provisional	22 de maio de 2026	TEO (Sede Electrónica UDC)
Reclamacións	22-26 de maio de 2026	Comisión académica/de selección do mestrado Sección de Mestrado
Publicación da listaxe definitiva	2 de xuño de 2026	TEO (Sede Electrónica UDC) Páxina web do centro
Matrícula	3-8 de xuño de 2026	En liña (Portal académico UDC)
Publicación 1ª listaxe persoas admitidas a vacantes	10 de xuño de 2026	Páxina web do centro de adscrición
Matrícula 1ª listaxe persoas admitidas a vacantes	11-15 de xuño de 2026	En liña (Portal académico UDC)
Publicación 2ª listaxe persoas admitidas a vacantes	17 de xuño de 2026	Páxina web do centro de adscrición
Matrícula 2ª listaxe persoas admitidas a vacantes	18-22 de xuño de 2026	En liña (Portal académico UDC)
Publicación 3ª listaxe persoas admitidas a vacantes	25 de xuño de 2026	Páxina web do centro de adscrición
Matrícula 3ª listaxe persoas admitidas a vacantes	26-30 de xuño de 2026	En liña (Portal académico UDC)

PRAZO ORDINARIO		
Pode solicitar a preinscrición: Estudantado con títulos universitarios oficiais do EEES ou títulos homologados polo ministerio competente que dean acceso a estudos de mestrado que non solicitasen a admisión no prazo anticipado		
Preinscrición	11 de xuño-13 de xullo de 2026	En liña (páxina web da UDC)
Publicación da listaxe provisional	24 de xullo de 2026	TEO (Sede Electrónica UDC)
Reclamacións	24-26 de xullo de 2026	Comisión académica/de selección do mestrado/sección de Mestrado
Publicación da listaxe definitiva	30 de xullo de 2026	TEO (Sede Electrónica UDC) Páxina web do centro de adscrición
Matrícula	31 de xullo-4 de agosto de 2026	En liña (Portal académico UDC)
Publicación 1. ^a listaxe persoas admitidas a vacantes	6 de agosto de 2026	Páxina web do centro de adscrición
Matrícula 1. ^a listaxe persoas admitidas a vacantes	7-11 de agosto de 2026	En liña (Portal académico UDC)
Publicación 2. ^a listaxe persoas admitidas a vacantes	13 de agosto de 2026	Páxina web do centro de adscrición
Matrícula 2. ^a listaxe persoas admitidas a vacantes	14-18 de agosto de 2026	En liña (Portal académico UDC)
Publicación 3. ^a listaxe persoas admitidas a vacantes	20 de agosto de 2026	Páxina web do centro de adscrición
Matrícula 3. ^a listaxe persoas admitidas a vacantes	21-24 de agosto de 2026	En liña (Portal académico UDC)

PRAZO EXTRAORDINARIO		
Poden solicitar a preinscrición: Estudantado con TFG e un máximo de 9 ECTS pendentes e estudantado titulado que non solicitase a admisión nos anteriores prazos		
Preinscrición	24 de agosto-6 de setembro de 2026	En liña (páxina web da UDC)
Publicación da listaxe provisional	16 de setembro de 2026	TEO (Sede Electrónica UDC)
Reclamacións	16-18 de setembro de 2026	Comisión académica/de selección do mestrado Sección de Mestrado
Publicación da listaxe definitiva	23 de setembro de 2026	TEO (Sede Electrónica UDC) Páxina web do centro de adscrición
Matrícula	24-28 de setembro de 2026	En liña (Portal académico UDC)
Publicación 1ª lista admitidos a vacantes	30 de setembro de 2026	Páxina Web Centro de adscrición
Matrícula 1ª lista admitidos a vacantes	1-5 de outubro de 2026	En liña (Portal Académico UDC)

PRAZO ÚNICO PARA O MESTRADO UNIVERSITARIO EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS		
Pode solicitar a preinscrición: Estudantado con títulos universitarios oficiais que dan acceso a estudos de mestrado (titulacións do EEES, así como titulacións homologadas ou declaradas equivalentes polo ministerio competente)		
Preinscrición	5 de febreiro-13 de xullo de 2026	En liña (páxina web da UDC)
Publicación da listaxe provisional	24 de xullo de 2026	TEO (Sede Electrónica UDC)
Reclamacións	24-26 de xullo de 2026	Comisión académica/de selección do mestrado Sección de Mestrado
Publicación da listaxe definitiva	30 de xullo de 2026	TEO (Sede Electrónica UDC) Páxina web do centro de adscrición
Matrícula	31 de xullo-4 de agosto 2026	En liña (Portal académico UDC)
Publicación 1.ª listaxe persoas admitidas a vacantes	6 de agosto de 2026	Páxina web do centro de adscrición
Matrícula 1.ª listaxe persoas admitidas a vacantes	7-11 de agosto de 2026	En liña (Portal académico UDC)
Publicación 2.ª listaxe persoas admitidas a vacantes	13 de agosto de 2026	Páxina web do centro de adscrición
Matrícula 2.ª listaxe persoas admitidas a vacantes	14-18 de agosto de 2026	En liña (Portal académico UDC)
Publicación 3.ª listaxe persoas admitidas a vacantes	20 de agosto de 2026	Páxina web do centro de adscrición
Matrícula 3.ª listaxe persoas admitidas a vacantes	21-24 de agosto de 2026	En liña (Portal académico UDC)
Publicación 4.ª listaxe persoas admitidas a vacantes	26 de agosto de 2026	Páxina web do centro de adscrición
Matrícula 4.ª listaxe persoas admitidas a vacantes	27-31 de agosto de 2026	En liña (Portal académico UDC)

Publicación 5. ^a listaxe persoas admitidas a vacantes	2 de setembro de 2026	Páxina web do centro de adscrición
Matrícula 5. ^a listaxe persoas admitidas a vacantes	3-7 de setembro de 2026	En liña (Portal académico UDC)
Publicación 6. ^a listaxe persoas admitidas a vacantes	9 de setembro de 2026	Páxina web do centro de adscrición
Matrícula 6. ^a listaxe persoas admitidas a vacantes	10-14 de setembro de 2026	En liña (Portal académico UDC)

Unha vez finalizados os prazos de preinscrición e matrícula, as persoas que reúnan os requisitos académicos esixidos poderán matricularse naquelas especialidades en que quedasen ou se producisen prazos vacantes e que tivesen esgotadas as listaxes de agarda.

ANEXO II. Requisitos que deben cumprir os documentos mencionados nos artigos 3, 4 e 5 desta normativa

1. Os documentos deben ser oficiais e expedidos polas autoridades competentes.
2. O estudantado que posúa documentación nun idioma distinto do galego ou castelán, deberá acompañala da correspondente tradución oficial a calquera das dúas linguas oficiais na UDC, que deberá facer unha [persoa profesional de tradución xurada](#), española ou autorizada no país de orixe polo Consulado Español.

Non será precisa a tradución oficial cando se trate de documentos redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana. Nestes casos bastará a tradución que realice a propia persoa interesada, prevalecendo, se houberse discrepancia, a tradución que realice a UDC.

3. No suposto de documentación traducida con selo da tradución xurada nos casos en que esta sexa necesaria, deberán enviar copias de:

- a) Documentos orixinais sen traducir (sen selo da tradución xurada).
- b) Documentos orixinais traducidos (con selo da tradución xurada).

4. Todos os documentos enviados xunto coa solicitude poderán ser copias simples, pero deberán subir unha declaración responsable de que os documentos e datos presentados son fidedignos.

5. As persoas solicitantes deberán presentar os orixinais para ser cotexados, no seu caso, na administración do centro de adscrición do mestrado.

6. A comisión académica/de selección de cada mestrado poderá requirir, se o considera preciso, a entrega doutra documentación.

Calquera omisión ou falsidade nos datos declarados e na documentación enviada poderá dar lugar á exclusión do proceso de adxudicación de prazas e, no seu caso, á anulación da matrícula, independentemente das sancións administrativas ou penais que correspondan.

Legalización de documentos:

1. Os documentos académicos expedidos no estranxeiro (títulos e certificacións académicas) deberán presentarse legalizados por vía diplomática o, de ser o caso, mediante a Apostila da Haia.

2. Para legalizar os documentos por vía diplomática deben ser presentados:

- a) No Ministerio de Educación do país onde se expediron os documentos.
- b) No Ministerio de Asuntos Exteriores do país onde se expediron os documentos.
- c) Na representación diplomática ou consular de España nese país.

3. Para a legalización de documentos expedidos por países asinantes do Convenio da Haia (véxase a relación destes países no anexo V), deben ser presentados:

- a) No Ministerio de Educación do país onde se expediron os documentos.
- b) No Ministerio de Asuntos Exteriores ou ministerio correspondente do país onde se expediron os documentos.

ANEXO III. Países participantes do EEES membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (non necesitan a legalización da documentación)

ALEMAÑA	FRANCIA	NORUEGA
AUSTRIA	GRECIA	PAÍSES BAIXOS
BÉLXICA	HUNGRÍA	POLONIA
BULGARIA	IRLANDA	PORTUGAL
CHIPRE	ISLANDIA	REPÚBLICA CHECA
CROACIA	ITALIA	REPÚBLICA ESLOVACA
DINAMARCA	LIECHTENSTEIN	ROMANÍA
ESLOVENIA	LETONIA	SUECIA
ESPAÑA	LITUANIA	SUÍZA (por acordo bilateral coa UE)
ESTONIA	LUXEMBURGO	
FINLANDIA	MALTA	

ANEXO IV. Países participantes do EEES que non son membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (necesitan a legalización da documentación)

ACERBAIXÁN	CASAQUISTÁN	SAN MARINO
ALBANIA	FEDERACIÓN RUSA	SERBIA
ANDORRA	MACEDONIA DO NORTE	TURQUÍA
ARMENIA	MOLDAVIA	UCRAÍNA
BIELORRUSIA	MONTENEGRO	XEORXIA
BOSNIA-HERCEGOVINA	REINO UNIDO	

ANEXO V. Países asinantes do Convenio da Haia

ALBANIA	FINLANDIA	O SALVADOR
ALEMAÑA	FIXI	PAÍSES BAIXOS
ANDORRA	FRANCIA	PALAU
ANGUILA (<i>Ext. Reino Unido</i>)	GRANADA	PANAMÁ
ANTIGA E BARBUDA	GRECIA	PAQUISTÁN
ARABIA SAUDITA	GUATEMALA	PARAGUAI
ARXENTINA	GUERNSEI, BAILÍA DE (<i>Ext. Reino Unido</i>)	PERÚ
ARMENIA	GÜIANA	POLONIA
ARUBA (<i>Ext. Países Baixos</i>)	HONDURAS	PORTUGAL
AUSTRALIA	HUNGRÍA	REINO UNIDO
AUSTRIA	ILLA DE MAN (<i>Ext. Reino Unido</i>)	REPÚBLICA CHECA
ACERBAIXÁN	ILLAS CAIMÁN (<i>Ext. Reino Unido</i>)	REPÚBLICA DOMINICANA
BAHAMAS	ILLAS COOK	ROMANÍA
BAHREIN	ILLAS FEROE (<i>Ext. Dinamarca</i>)	RUANDA (05/06/2024)
BANGLADESH (30/03/2025)	ILLAS MALVINAS (<i>Ext. Reino Unido</i>)	RUSIA
BARBADOS	ILLAS MARSHALL	SABA (<i>Ext. Países Baixos</i>)
BÉLXICA	ILLAS TURCAS E CAICOS (<i>Ext. Reino Unido</i>)	SAINT KITTS E NEVIS
BELICE	ILLAS VIRXES (<i>Ext. Reino Unido</i>)	SAMOA
BERMUDAS (<i>Ext. Reino Unido</i>)	INDIA (BHARAT)	SAN EUSTAQUIO (<i>Ext. Países Baixos</i>)
BIELORRUSIA	INDONESIA	SAN MARINO
BOLIVIA	IRLANDA	SAN MARTÍN (<i>Ext. Países Baixos</i>)
BONAIRE (<i>Ext. Países Baixos</i>)	ISLANDIA	SAN TOMÉ E PRÍNCIPE
BOSNIA E HERCEGOVINA	ISRAEL	SAN VICENTE E GRANADINAS
BOTSUANA	ITALIA	SANTA ELENA (<i>Ext. Reino Unido</i>)
BRASIL	KIRGUIZISTÁN	SANTA LUCÍA
BRUNEI DARUSSALAN	KOSOVO	SENEGAL
BULGARIA	LESOTO	SERBIA
BURUNDI	LETONIA	SEYCHELLES
CABO VERDE	LIBERIA	SINGAPUR
CANADÁ	LIECHTENSTEIN	SUDÁFRICA
CASAQUISTÁN	LITUANIA	SUECIA
CHILE	LUXEMBURGO	SUÍZA
CHINA (<i>Incl. Hong Kong e Macau</i>)	MACEDONIA	SURINAM
CHIPRE	MALAUÍ	TADJIKISTÁN
COLOMBIA	MALTA	TERRITORIO ANTÁRTICO BRITÁNICO (<i>Ext. Reino Unido</i>)
COREA DO SUR	MARROCOS	TONGA
COSTA RICA	MAURICIO	TRINIDADE E TOBAGO
CROACIA	MÉXICO	TUNISIA
CURAÇÃO (<i>Ext. Países Baixos</i>)	MOLDAVIA	TURQUÍA
DINAMARCA	MÓNACO	UCRAÍNA
DOMINICA	MONGOLIA	URUGUAI
ECUADOR	MONTENEGRO	UZBEKISTÁN
ESLOVAQUIA	MONTSERRAT (<i>Ext. Reino Unido</i>)	VANUATU
ESLOVENIA	NAMIBIA	VENEZUELA
ESPAÑA	NICARAGUA	XAMAICA
ESTADOS UNIDOS (<i>Incl. Porto Rico</i>)	NIUE	XAPÓN
ESTONIA	NORUEGA	XEORXIA
ESWATINI (<i>antes SWAZILANDIA</i>)	NOVA ZELANDIA	XERSEI (<i>Ext. Reino Unido</i>)
FILIPINAS	OMÁN	